

A Quenda de Garda Social Permanente segue facendo fronte ás violencias machistas.

- A Quenda é un servizo público de balde que debe ser activado por Forzas e Corpos de Seguridade, así como por Xulgados con competencias en materia de violencia de xénero
- O COTSG lembra que A Quenda pode activarse ante calquera tipo de violencia machista, o que inclúe os delitos sexuais.

Redacción: 23/11/2021.No ano 2020 presentáronse 6.078 denuncias en Galicia por violencias machistas, no que vai de 2021, presentáronse 3.083, esta falta de denuncia débese a situación de pandemia que aínda transitamos. En total, 6.063 mulleres foron vítimas de violencia machista durante o ano 2020 en Galicia, Sumado a estes datos, ás chamadas ao 016 dende Galicia no que vai de ano xa superan as 2.500, en 2020 foron 3.110, fronte ás 2.561 do ano 2019.

A este respecto, nace a Quenda de Garda social especializada na intervención desde o Traballo social para mulleres vítimas da violencia machista e ás súas persoas a cargo, convenio, que O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) e a Consellería de Emprego e Igualdade renovaron o 3 de xuño do vindeiro ano. Desta maneira, seguirá operativo este servizo pioneiro que posibilita un acompañamento e unha intervención social de urxencia inmediata, as 24h os 365 días do ano.

A Quenda é un servizo público de balde que debe ser activado por Forzas e Corpos de Seguridade e/ou Xulgados en materia de violencia de xénero e de garda, no momento posterior a un incidente violento e/ou agresión ou situacións de especial urxencia e co consentimento da muller que vén de sufrir violencia de xénero. Non require a presentación dunha denuncia previa e só é necesaria unha chamada ao Teléfono de Información ás Mulleres 900 400 273. Dende o Teléfono da Muller avisarase á persoa de garda na Quenda, sempre profesional colexiado do Traballo Social con competencia acreditada no ámbito, que inmediatamente acudirá ao lugar sinalado.

É fundamental proporcionar un **acompañamento social especializado** en situacións de urxencia ás mulleres e á súa unidade familiar. Para elo, desde a Quenda ofrécese un **apoio emocional**, crear espazo de sostén que lle axude a entender o que está ocorrendo; un **apoio social tanxible e operativo**, no que se poidan satisfacer as necesidades prácticas urxentes, axuda directa e de servizos; e **apoio informacional**, no que se reciba informacións que sanen as inquiredanzas sociais (habitabilidade, emprego, autonomía económica, redes de apoio, etc.) e recursos propios e externos cos que se pode contar.

A Quenda pode activarse ante calquera tipo de violencia de xénero, o que inclúe os delitos sexuais. Dende o COTSG lembran que o recentemente publicado Informe sobre

as violencias sexuais 2020 por parte da Xunta de Galicia recolle 554 agresións sexuais cometidas na Comunidade Autónoma Galega durante o ano pasado e que esta Quenda ten entre as súas funcións dar resposta inmediata ás mulleres que sofren esta realidade.

Gabinete de Comunicación do COTSG

604 07 63 63